

## **BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO. ANO 2026.**

### **1.- FINALIDADE E OBXECTO**

**1.1.** A presente convocatoria ten por finalidade a promoción das Entidades Deportivas locais de carácter federado, non mercantís, non profesionais, e consecuentemente sen ánimo de lucro do termo municipal de Santiago de Compostela durante o exercicio 2026.

A efectos de que os colectivos de base anteriormente citados poidan alcanzar os seus obxectivos, o obxecto que motiva a presente convocatoria é financiar, en parte, os gastos derivados da súa **participación nas competicións deportivas establecidas nos correspondentes calendarios oficiais das federacións autonómicas e nacionais**.

**1.2.** Para os efectos desta convocatoria de subvencións consideraranse gastos subvencionables os seguintes conceptos:

- a) Gastos de pagamento de licenzas federativas e de mutualidade.
- b) Gastos de desprazamentos fóra do termo municipal de Santiago dos diferentes equipos ou deportistas da Entidade, vinculados exclusivamente coas datas de competición oficial federativa (non se terán en conta adestramentos, torneos non oficiais, etc...). No caso de desprazamentos en vehículos particulares, á hora da xustificación só se terá en conta o gasto de 0,19 €/quilómetro, achegando as correspondentes facturas de repostaxe de combustible a nome da Entidade acompañadas dos xustificantes de pago. (No momento da xustificación, para verificar que o desprazamento coincide cunha proba oficial federativa, deberase achegar o calendario de competición e especificarase a que xornada/proba corresponde a factura).
- c) Gastos de aloxamento e manutención dos diferentes equipos ou deportistas da Entidade. En ningún caso serán admitidos gastos en distancias inferiores a 100 km. da cidade de Santiago. (No momento da xustificación, para verificar que o aloxamento ou manutención coincide cunha proba oficial federativa, deberase achegar o calendario de competición e especificarase a que xornada/proba corresponde a factura).  
  
Deberá acompañarse coas facturas declaración responsable asinada polo Presidente da entidade na que se confirme que os xustificantes de gasto de aloxamento e manutención presentados ao abeiro desta convocatoria corresponden exclusivamente ós/as deportistas que participan directamente na competición, así como ao corpo técnico.
- d) Gastos de arbitrxes que se correspondan coas competicións do calendario oficial federativo.
- e) Gastos de material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, ...) ata un máximo de 3.000 €. No momento da xustificación as facturas deberán especificar conceptos, cantidades, etc.

- f) Gastos de servizo externo de lavandaría.
- g) Gastos de alugueiro de instalacións para adestramentos ou competicións.
- h) Gastos médicos, en xeral (servizos de fisioterapia, produtos farmacéuticos, servizo de ambulancia para a competición....).
- i) Gastos de inscricións en probas de competición oficial de carácter puntual incluídas no calendario federativo. (No momento da xustificación, para verificar que a inscrición coincide cunha proba oficial federativa, deberase achegar o calendario de competición e especificarse a que proba corresponde a factura).
- j) Gastos de seguros de responsabilidade civil e/ou accidentes que teña que posuír a Entidade para o seu normal funcionamento. A maiores, no caso do ciclismo, aceptaranse excepcionalmente os seguros dos vehículos das entidades xa que son necesarios para poder competir.

**O período de elixibilidade dos gastos é o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 20 de outubro de 2026. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.**

Para a correcta xustificación dos gastos subvencionables incluídos neste epígrafe ver o apartado 10 destas bases.

## **2.- CONTÍA**

A contía total que se destina a esta finalidade será de **330.000 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 070 34100 4890100/2026.

O importe máximo a percibir nesta convocatoria estará limitado a 18.000 € por entidade.

## **3.- DESTINATARIOS**

### **3.1. Entidades destinatarias.**

Poderán obter a condición de beneficiarias as entidades deportivas sen ánimo de lucro que cumpran, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, todos os seguintes requisitos:

- a) Ter domicilio social no termo municipal de Santiago de Compostela.
- b) Figurar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- c) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago de Compostela.
- d) Participar, durante a tempada deportiva correspondente ao período subvencionable en competicións oficiais federadas, entendendo por tales as competicións recoñecidas como oficiais pola federación deportiva correspondente (autonómica e/ou estatal).

### **3.2. Exclusionés.**

**3.2.1.** Non se admitirán solicitudes cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

- a) Entidades que, aínda estando federadas, non participen efectivamente en competicións oficiais incluídas no calendario da federación correspondente.
- b) Entidades cuxa actividade se limite a modalidades ou actividades de carácter non competitivo, nas que non exista unha estrutura de competición convencional (por exemplo, cicloturismo, sendeirismo ou similares).
- c) As solicitudes de calquera entidade pública territorial ou corporativa, así como das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

**3.2.2.** Excluíranse tamén das subvencións previstas nestas bases:

- As categorías daquelas entidades que contén cunha dotación aprobada no orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela do ano 2026 para o establecemento dun convenio nominal.
- Os equipos de fútbol sala que participen na competición local/interzonal/provincial, como consecuencia do alto número de participantes existentes. Non será de aplicación para aquelas entidades que teñan como única modalidade deportiva de competición o fútbol sala.
- A categoría de veteranos na modalidade de fútbol.
- A categoría de veteranos na modalidade de baloncesto.

#### **4.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

Son obrigas dos beneficiarios:

**a.-** Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

**b.-** Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

**c.-** Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

**d.-** Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

**e.-** Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, e cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f.- Fomentar o desenvolvemento de actitudes e comportamentos en contra da violencia no eido do deporte, así como, a transmisión de valores positivos en prol do xogo limpo entre os adestradores, xogadores e demais membros da Entidade.

g.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencia ou subministracións necesarias por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

h.- A actividade que se desenvolva por parte dos beneficiarios realizarase en lingua galega, tanto no que toca ao seu desenvolvemento como á comunicación oral ou escrita que xeren.

i.- Os beneficiarios deberán, de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións, dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación da actividade obxecto da subvención, quedando obrigados a informar da axuda concedida polo Concello de Santiago entre todos os membros da súa Entidade, así como, a inserir o logo do Concello de Santiago, como entidade colaboradora, na súa páxina web, redes sociais etc...

## **5.- FORMULARIO DE SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN ESIXIDA**

**5.1.** O formulario oficial de solicitude CS006F estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal), no trámite "Solicitude de subvención".

Os interesados deberán cubrir todos os campos que figuran no formulario de solicitude, que deberá estar asinado polo Presidente/a e polo Secretario/a da Entidade solicitante.

O formulario de solicitude inclúe:

- Breve memoria explicativa da actividade da entidade (nº de equipos, categorías, participantes, resultados....)
- Orzamento xeral de gastos e ingresos da Entidade correspondente á tempada 2025/2026 ou á tempada 2026 (segundo corresponda en función da modalidade deportiva), con indicación da data da asemblea xeral da entidade na que foi aprobado.
- Orzamento de gastos para os que se solicita a subvención. Para a elaboración deste orzamento cómpre ter en conta os gastos subvencionables de acordo cos conceptos definidos no punto 1.2 das bases, así como os criterios de xustificación descritos no punto 10. Os conceptos a subvencionar terán que figurar de forma detallada no orzamento xeral da Entidade e o gasto subvencionable será o correspondente ao ano 2026. O importe destes gastos deberá ser superior á contía da axuda solicitada.
- Certificación do nomeamento do interlocutor da Entidade para as súas relacións co Concello no que se refire á convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2026.
- Declaración responsable en relación ás seguintes cuestións:

- Que todos os datos aportados son reais e que coñece, acepta e se compromete a cumprir as bases da convocatoria.
- Que a Entidade solicitante reúne as condicións esixidas na convocatoria para ser beneficiaria da subvención e se compromete a cumprir todas as obrigas incluídas nela, así como a demostrar documentalmente todos os datos que figuran na solicitude se así fose requirida.
- Que cumpre con todas as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, seguridade social, seguridade e saúde no traballo e igualdade entre mulleres e homes.
- Que a Entidade non se atopa en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que o persoal, colaboradores ou voluntarios da Entidade, dedicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores, cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.
- Axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para a mesma finalidade.

**5.2. Xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:**

1. NIF da entidade solicitante.
2. DNI-NIF/NIE do representante legal da entidade.
3. Acreditación da representación, se procede.
4. Estatutos vixentes polos que se rexa a entidade.
5. Certificación de titularidade da conta bancaria da entidade, onde consten os códigos BIC e IBAN.
6. Certificación oficial federativa do nº de equipos ou do nº de licenzas, segundo corresponda, e categoría na que compiten na tempada 2025/2026 ou na tempada 2026 (segundo proceda en función da modalidade deportiva). Este certificado deberá incluír só os equipos e licenzas que participen en competición oficial. Exclúiranse desta certificación as categorías non subvencionables recollidas no punto 3.2.2 das presentes bases. No que respecta aos deportes individuais (atletismo, patinaxe, rítmica, natación, karate, xadrez, ciclismo, ...) o certificado de número de licenzas deberá detallar a categoría (autonómica e/ou nacional) e especificar se son licenzas femininas ou masculinas.
7. Certificación oficial federativa na que se detalle a participación dos diferentes equipos/deportistas da entidade nas distintas competicións oficiais do calendario federativo da tempada 2025/2026 ou na tempada 2026 (segundo proceda en función da modalidade deportiva).

8. Certificación dos gastos de mutualidade e de licenzas federativas da Entidade correspondente á tempada 2025/2026 ou á tempada 2026 (segundo proceda en función da modalidade deportiva). Este certificado deberá incluír só os equipos e licenzas que participen en competición oficial. Exclúiranse desta certificación as categorías non subvencionables recollidas no punto 3.2.2 das presentes bases.

**5.3.** A maiores, no caso de non autorizar ao Concello no formulario de solicitude a facer a consulta ás diferentes administracións, deberanse presentar:

- a) Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) de estar ao corrente coas obrigas tributarias
- b) Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) de estar ao corrente coas obrigas
- c) Certificación da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) de estar ao corrente coas obrigas tributarias

De oficio, farase a consulta de que a Entidade non ten débedas pendentes co Concello de Santiago.

**5.4.** O Concello poderá pedir onde proceda a confirmación dos datos anteriores.

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen no poder dalgún órgano do Concello de Santiago, o solicitante poderá acollerse ao establecido no parágrafo 1 apartado d) do artigo 53 da Lei 39/2015, mediante escrito no que conste a data e o órgano ou dependencia na que foron presentados.

**5.5.** No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou ao seu representante, a presentación de dito documento ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

## **6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

**6.1.** As solicitudes acompañadas da documentación esixida, presentaranse na sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal), no trámite "Solicitude de subvención".

Tamén poderán presentarse por calquera dos medios regulados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A documentación presentarse seguindo a orde definida no punto 5 destas bases, aos efectos de facilitar e axilizar a súa comprobación.

**6.2.** O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación dun extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

## **7.- TRAMITACIÓN E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN**

**7.1.** Analizadas as solicitudes de subvencións presentadas procederase ao requirimento da documentación que estea pendente ou que se considere incompleta, incluído o

defecto ou erro, para o que se dará un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao do recibo da notificación.

Indicaráselle que, se non o fixeran, teráselle por desistido da súa solicitude, tras a resolución previa que deberá ser ditada nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**7.2.** As notificacións serán a través de sede electrónica e entenderanse producidas no momento do acceso ó contido do acto notificado, ou ben, se este acceso non se efectúa, polo transcurso do prazo de 10 días naturais desde a súa posta a disposición sen que se teña accedido á mesma.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e a documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

## **8- CRITERIOS DE VALORACIÓN**

**8.1.** Para determinar a contía de cada unha das subvencións a conceder teranse en conta:

- a) Os gastos de mutualidade e de licenzas federativas, coas precisións indicadas no apartado A) do anexo explicativo dos criterios de valoración.
- b) Unha cantidade asignada en función do número de equipos ou licenzas, segundo corresponda, en función do establecido no apartado B) do anexo explicativo:
  - Para deportes colectivos: número de equipos da Entidade e categoría de competición dos mesmos.
  - Noutro tipo de deportes: número de licenzas e ámbito de competición.

**8.2.** Se unha vez calculadas as cantidades que corresponden ás Entidades, como resultado da aplicación dos criterios de valoración, resulta que queda un remanente da contía global da convocatoria, este repartirase de forma proporcional entre as mesmas.

Do mesmo xeito, as subvencións finais que correspondan ás Entidades Deportivas, como resultado da aplicación dos criterios de valoración, poderán modificarse aplicando porcentaxes redutoras, de forma proporcional, no caso de que a suma global sexa superior á contía total prevista nestas bases, e co fin de axustalas á mesma.

Se unha vez aplicada esta redución, algunha entidade supera os 18.000 €, o importe da subvención reducirase ata esa contía máxima (punto 2 das bases).

Se como consecuencia do exposto anteriormente se produce un sobranse, este repartirase de forma proporcional entre o resto das entidades.

**8.3.** Por outra parte, en ningún caso o importe da axuda municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas doutras

Administracións ou entes públicos ou privados supere o custo das actividades a desenvolver polo beneficiario.

## **9.- RESOLUCIÓN**

**9.1.** A formulación das propostas de concesión das subvencións corresponderá á Comisión Avaliadora que estará presidida pola Concelleira de Deportes e integrada por persoal técnico do Departamento de Deportes.

A devandita proposta elevarase á Xunta de Goberno Local para a súa resolución antes do 30 de setembro de 2026.

**9.2.** No momento da resolución a Entidade solicitante deberá estar ao corrente nas obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes co Concello de Santiago.

## **10.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

**10.1.** Unha vez aprobada a subvención, será notificada aos interesados a través da sede electrónica.

**10.2.** O período para a xustificación da subvención polos interesados comezará a contar a partires do día seguinte á notificación da concesión da subvención, e terá como data límite o 20 de outubro de 2026.

Os expedientes correctamente xustificadas iranse remitindo á Intervención Municipal, de forma individual ou por lotes, para a súa fiscalización e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

**10.3.** As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da subvención, na sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal), no trámite "Xustificación de subvencións concedidas polo Concello"

Tamén poderán presentarse por calquera dos medios regulados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**10.4.** Para xustificar correctamente a subvención presentarse a seguinte documentación:

1. O formulario oficial de xustificación da subvención CS023F debidamente cuberto e asinado.
2. DOCUMENTO RESUMO DA XUSTIFICACIÓN, elaborado e asinado pola entidade, coa relación detallada das facturas de cada un dos conceptos de gasto obxecto de subvención considerados na solicitude.

No documento deberá figurar o importe de cada factura, o importe xustificado por cada concepto de gasto, e o importe total da xustificación da subvención.

A cada factura asignaráselle un número correlativo aos efectos de facilitar a comprobación da documentación e a posterior emisión do informe do Departamento de Deportes.

3. As facturas ou documentos substitutivos correspondentes a todos os gastos obxecto da subvención enumerados na solicitude, así como acreditar o seu pagamento antes da finalización do período de xustificación da subvención. A estes efectos, a acreditación do pago realizarase por algunha das seguintes formas:
  - a. Preferentemente mediante transferencia bancaria, coa copia do xustificante do cargo no que deberá figurar o concepto da transferencia, o número de factura, ou de non a haber, o concepto aboadado.
  - b. Cheque: ademais da copia do cheque asinado, xustificarse mediante copia do extracto bancario do seu cargo en conta.

As facturas deberán presentarse ordenadas seguindo a numeración correlativa do documento resumo, e cada factura deberá ir unida ao seu xustificante de pago.

Independentemente da contía da subvención concedida, haberá que xustificar, cando menos, o importe previsto no orzamento de gastos obxecto da subvención (que figura na páxina 4 da solicitude), debendo presentarse xustificantes relativos á totalidade dos conceptos que figuran nese orzamento.

Poderanse admitir desviacións ou alteracións na xustificación, sempre e cando se presenten xustificantes de todos os conceptos elixidos e se acade, como mínimo, o importe total previsto nese orzamento.

Todos os gastos deberán corresponder ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 20 de outubro de 2026.

Para xustificar os gastos de mutualidade, licenzas ou inscricións do ano 2026, poderanse admitir certificacións da mutualidade ou certificacións federativas acompañadas dos correspondentes xustificantes bancarios, **só no caso excepcional** de que a mutualidade ou federación non emita factura; circunstancia que será oportunamente verificada. **Estes certificados deberán estar emitidos e asinados dentro da data límite de xustificación (20 de outubro de 2026).**

Para o caso concreto da xustificación dos seguros que figuran como subvencionables no punto 1.2 destas bases, admitiranse con carácter excepcional os pagos realizados no ano 2025 imputándose como gasto xustificable a parte proporcional da cantidade vinculada exclusivamente co período do ano 2026. En termos similares, do pago realizado no exercicio 2026 só se admitirá a contía proporcional a esta anualidade.

A maiores do xustificante do pago, haberá que presentar a póliza ou recibo que permita verificar que o seguro está vinculado coas actividades obxecto da convocatoria.

**10.5.** Co fin de facilitar a súa comprobación e tramitación, as entidades beneficiarias deberán achegar a documentación xustificativa, preferentemente nunha única entrada de rexistro, respectando a seguinte orde na presentación dos documentos:

1. Modelo de xustificación (CS023F) debidamente cuberto e asinado.
2. Documento resumo, elaborado e asinado pola entidade.

3. Facturas xustificativas acompañadas dos documentos acreditativos do seu pagamento (principalmente transferencia bancaria) ordenadas exactamente seguindo o documento resumo indicado anteriormente, que coincidirá coa orde da relación de gastos para os que se solicita a subvención e que figura na páxina 4 da solicitude. A cada factura lle seguirá o documento acreditativo do seu pagamento.
4. Certificacións de estar ao corrente coa AEAT, TXSS e ATRIGA nos casos que proceda, así como, demais documentación que sexa necesaria para acreditar correctamente a xustificación da subvención outorgada.

**10.6.** Analizadas as xustificacións presentadas procederá ao requirimento da documentación que estea pendente ou que se considere incompleta, para o que se dará un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao do recibo da notificación.

**10.7.** No caso de que non se xustifique o importe previsto no orzamento de gastos obxecto da subvención que figura na solicitude, ou non se presenten xustificantes relativos á totalidade dos conceptos que figuran nese orzamento, a cantidade da subvención concedida reducirase de forma proporcional.

Do mesmo xeito, se as subvencións declaradas no momento da xustificación son superiores ás previstas polo interesado na solicitude, a contía da subvención concedida poderá verse reducida, na cantidade que corresponda.

**10.8.** No momento da xustificación a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente nas obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes co Concello de Santiago.

## **11.- PAGAMENTO**

**11.1.** Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas na presentes bases, informados os expedientes en primeira instancia polo Departamento de Deportes e con proposta do órgano xestor, remitiranse á Intervención Municipal, de forma individual ou por lotes, para que emita o preceptivo informe de fiscalización. A Xunta de Goberno Local resolverá a súa aprobación e tramitarase a correspondente orde de pagamento.

**11.2.** Non se poderá facer ningún pago se non se acredita o cumprimento das obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago.

**11.3.** Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto: na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

## **12.- REVOGACIÓN E REINTEGRO**

Procederá a nulidade e revogación das subvencións concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento das obrigas anteriormente sinaladas, nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos

e obrigas estipulados nesta convocatoria pública.

O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerá polo procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **13.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR**

**13.1.** O Concello poderá dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos presentados polos solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

**13.2.** Os beneficiarios, baixo a súa responsabilidade, virán obrigados a comunicar ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

**13.3.** Así mesmo o beneficiario facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

**13.4.** Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións (LXS).

### **14.- PROTECCIÓN DE DATOS**

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados polo Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de tramitar administrativamente a presente convocatoria de axudas e, polo tanto, fundamentándose nun interese público. Non obstante, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas polo que, mediante a presentación da solicitude, as persoas solicitantes autorizan o tratamento e publicación dos datos persoais recollidos.

As persoas interesadas cuxos datos estean a ser tratados polo Concello poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia.

Máis información en <http://protecciondedatos.santiagodecompostela.gal>.

## **ANEXO EXPLICATIVO DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Na aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto 7 das presentes bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado 2026, terase en conta o seguinte:

### **A) GASTOS DE MUTUALIDADE E DE LICENZAS FEDERATIVAS**

Terase en conta o 100% dos gastos de mutualidade e de licenzas federativas de cada Entidade, agás nos supostos que figuran a continuación:

- Aquelas entidades de deportes colectivos que non teñan un mínimo de dous equipos base nunha mesma modalidade consideraráselles como máximo o 80% dos referidos gastos.
- Naquelas modalidades como, pesca, caza ou similares nas que existe unha peculiar estrutura de competición, de proceder a adxudicación de subvención, consideraráselles como máximo o 25% dos gastos de mutualidade e de licenzas federativas.

### **B) BAREMO POR MODALIDADES**

- Para deportes colectivos: terase en conta o número de equipos da Entidade e categoría de competición dos mesmos, certificados pola federación correspondente.
- Noutro tipo de deportes: terase en conta o número de licenzas e ámbito de competición, certificadas pola federación correspondente.

#### **BALONCESTO**

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
LIGA EBA (Nacional)	3.475
1ª DIVISIÓN (autonómica)	1.390
2ª DIVISIÓN (autonómica)	525
3ª DIVISIÓN (provincial-área delegación)	235
LIGA GALEGA JUNIOR (autonómica)	290
2ª DIVISIÓN JUNIOR (provincial-área Delegación)	90
LIGA GALEGA CADETE (autonómica)	290
2ª DIVISIÓN CADETE (provincial-área Delegación)	90
LIGA GALEGA INFANTIL/PREINFANTIL (autonómica)	290
2ª DIVISIÓN INFANTIL (provincial-área Delegación)	90
LIGA GALEGA MINIBASKET (autonómica)	290
2ª DIVISIÓN MINIBASKET (provincial-área Delegación)	90
PREMINI (provincial-área Delegación)	90
BABY BASKET (provincial-área Delegación)	90
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª DIVISIÓN (nacional)	9.145
1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA (autonómica)	1.455

2ª DIVISIÓN (provincial-área Delegación)	185
LIGA GALEGA JUNIOR (autonómica)	305
2ª DIVISIÓN JUNIOR (provincial-área Delegación)	95
LIGA GALEGA CADETE (autonómica)	305
2ª DIVISIÓN CADETE (provincial)(área Delegación)	95
LIGA GALEGA INFANTIL/PREINFANTIL (autonómica)	305
2ª DIVISIÓN INFANTIL (provincial-área Delegación)	95
LIGA GALEGA MINIBÁSKET (autonómica)	305
2ª DIVISIÓN MINIBASKET (provincial-área Delegación)	95
PREMINI (provincial-área Delegación)	95
BABY BASKET (provincial-área Delegación)	95

#### BALONMÁN

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
1ª ESTATAL (nacional)	9.945
1ª AUTONÓMICA (autonómica)	1.390
2ª AUTONÓMICA (autonómica)	350
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL (autonómica)	350
2ª DIVISIÓN XUVENIL (autonómica)	105
DIVISIÓN DE HONRA CADETE (autonómica)	350
2ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	105
DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL (autonómica)	350
2ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	105
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
DIVISIÓN DE HONRA PRATA (nacional)	7.260
1ª AUTONÓMICA (autonómica)	1.455
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN XUVENIL (autonómica)	110
DIVISIÓN DE HONRA CADETE (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	110
DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	110
CATEGORÍAS DEPORTIVAS MIXTAS	Euros
ALEVIN MIXTO (autonómica)	110
BENXAMIN MIXTO (autonómica)	110
PRE-BENXAMÍN MIXTO (zonal)	110

#### BEISBOL E SOFBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS	Euros
LIGA SENIOR MASCULINA (autonómica)	475
CATEGORÍAS INFERIORES MIXTAS (autonómica)	175

#### FÚTBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
3ª FEDERACIÓN (nacional)	6945

PREFERENTE FUTGAL (autonómica)	3.475
PRIMEIRA FUTGAL (autonómica)	635
SEGUNDA FUTGAL (provincial)	475
TERCEIRA FUTGAL (provincial)	345
XUVENIL DIVISIÓN HONRA (nacional)	7.945
XUVENIL LIGA NACIONAL (nacional)	2.085
XUVENIL PREFERENTE FUTGAL (autonómica)	1.390
XUVENIL PRIMEIRA FUTGAL (provincial)	345
XUVENIL SEGUNDA E TERCEIRA FUTGAL (provincial)	175
CADETE DIVISIÓN HONRA (autonómica)	2.085
CADETE PREFERENTE FUTGAL (autonómica)	1.390
CADETE PRIMEIRA FUTGAL (provincial)	345
CADETE SEGUNDA E TERCEIRA FUTGAL (provincial)	175
INFANTIL DIVISIÓN HONRA (autonómica)	2.085
INFANTIL PREFERENTE FUTGAL (autonómica)	1.390
INFANTIL PRIMEIRA FUTGAL (provincial)	345
INFANTIL SEGUNDA E TERCEIRA FUTGAL (provincial)	175
ALEVIN AUTONÓMICA: Primeira, Segunda e Terceira (provincial)	175
BENXAMIN AUTONÓMICA: Primeira e Segunda (provincial)	175
PREBENXAMÍN AUTONÓMICA: Primeira e Segunda (provincial)	175
BIBERÓN AUTONÓMICA (provincial)	175
<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS</b>	<b>Euros</b>
LIGA GALEGA 1ª DIVISIÓN (autonómica)	3.630
LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN (autonómica)	1.455
LIGA GALEGA 3ª DIVISIÓN (autonómica)	665
LIGA F-7 (autonómica)	365
CADETE LIGA GALEGA (autonómica)	1.455
INFANTIL LIGA GALEGA (autonómica)	1.455
ALEVÍN LIGA GALEGA (F8) (autonómica)	365
PROMESAS LIGA GALEGA (F8) (autonómica)	365

#### FÚTBOL GAÉLICO

<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS</b>	<b>Euros</b>
LIGA GALEGA (autonómica)	345
<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS</b>	<b>Euros</b>
LIGA GALEGA (autonómica)	365

#### FÚTBOL-SALA

<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS</b>	<b>Euros</b>
3ª DIVISIÓN (nacional)	2.085
PREFERENTE FUTGAL (autonómica)	1.390
PRIMEIRA FUTGAL (autonómica)	175
SEGUNDA FUTGAL (provincial)	105
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL (nacional)	1.390
PREFERENTE FUTGAL XUVENIL (autonómica)	290

1ª GALICIA XUVENIL (provincial)	175
PREFERENTE FUTGAL CADETE (autonómica)	290
1ª GALICIA CADETE (provincial)	175
PREFERENTE FUTGAL INFANTIL (autonómica)	290
1ª GALICIA INFANTIL (provincial)	175
PREFERENTE FUTGAL ALEVÍN (autonómica)	290
1ª GALICIA ALEVÍN (provincial)	175
1ª GALICIA BENXAMÍN (provincial)	175
1ª GALICIA PREBENXAMÍN (provincial)	175
1ª GALICIA BIBERÓN (provincial)	175
<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS</b>	<b>Euros</b>
PREFERENTE FUTGAL (autonómica)	1.455
PRIMEIRA FUTGAL (autonómica)	185
SEGUNDA FUTGAL (provincial)	110
PREFERENTE FUTGAL XUVENIL (autonómico)	305
PREFERENTE FUTGAL CADETE (autonómico)	305
PREFERENTE FUTGAL INFANTIL (autonómico)	305
PREFERENTE FUTGAL ALEVÍN (autonómico)	305

#### HOCKEY A PATINS

<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS</b>	<b>Euros</b>
OK LIGA BRONCE (nacional)	3.475
SENIOR AUTONÓMICA (autonómica)	1.390
<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS</b>	<b>Euros</b>
SENIOR AUTONÓMICA (autonómica)	1.455
SUB 17 (autonómica)	305
SUB 15 (autonómica)	305
SUB 13 (autonómica)	305
<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS MIXTAS</b>	<b>Euros</b>
JUNIOR (autonómica)	305
XUVENIL (autonómica)	305
CADETE (autonómica)	305
INFANTIL (autonómica)	305
ALEVÍN (autonómica)	305
BENXAMIÍN (autonómica)	305
PREBENXAMÍN (autonómica)	305
MICRO (autonómica)	95

#### RUGBY

<b>CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS</b>	<b>Euros</b>
SENIOR (autonómica)	1390
<b>CATEGORIAS DEPORTIVAS FEMININAS</b>	<b>Euros</b>
1ª DIVISIÓN SENIOR (autonómica)	1.455
<b>CATEGORIAS DEPORTIVAS MIXTAS</b>	<b>Euros</b>
LIGA GALEGA M-18 (autonómica)	350

LIGA GALEGA M-16 (autonómica)	350
LIGA GALEGA M-14 (autonómica)	350
CONCENTRACIÓNS DE ESCOLAS: M12, M10, M8 e M6	95

#### TENIS DE MESA

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
SUPER-DIVISIÓN (nacional)	3.475
DIVISIÓN HONRA (nacional)	2.085
PRIMEIRA NACIONAL (nacional)	1.045
SEGUNDA NACIONAL (nacional)	525
TERCEIRA NACIONAL (nacional)	280
1ª DIVISIÓN GALEGA (autonómica)	175
2ª DIVISIÓN GALEGA (autonómica)	105
3ª DIVISIÓN GALEGA (autonómica)	90
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
SUPER-DIVISIÓN (nacional)	3.630
DIVISIÓN HONRA (nacional)	2.180
PRIMEIRA NACIONAL (nacional)	1.090
SEGUNDA NACIONAL (nacional)	550
1ª DIVISIÓN GALEGA (autonómica)	185

#### VOLEIBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
1ª DIVISIÓN GALEGA SENIOR (autonómica)	1.390
2ª DIVISIÓN GALEGA SENIOR (autonómica)	690
1ª DIVISIÓN GALEGA JÚNIOR (autonómica)	350
1ª DIVISIÓN GALEGA XUVENIL (autonómica)	350
1ª DIVISIÓN GALEGA CADETE (autonómica)	350
2ª DIVISIÓN GALEGA CADETE (autonómica)	235
1ª DIVISIÓN GALEGA INFANTIL (autonómica)	350
1ª DIVISIÓN GALEGA ALEVÍN (autonómica)	350
CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN (autonómica)	235
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª DIVISIÓN GALEGA SENIOR (autonómica)	1455
2ª DIVISIÓN GALEGA SENIOR (autonómica)	725
1ª DIVISIÓN GALEGA JÚNIOR (autonómica)	365
1ª DIVISIÓN GALEGA XUVENIL (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN GALEGA XUVENIL (autonómica)	245
3ª DIVISIÓN GALEGA XUVENIL (provincial)	110
1ª DIVISIÓN GALEGA CADETE (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN GALEGA CADETE (autonómica)	245
3ª DIVISIÓN GALEGA CADETE (provincial)	110
1ª DIVISIÓN GALEGA INFANTIL (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN GALEGA INFANTIL (autonómica)	245
3ª DIVISIÓN GALEGA INFANTIL (autonómica)	110
1ª DIVISIÓN GALEGA ALEVÍN (autonómica)	365

2ª DIVISIÓN GALEGA ALEVIN (provincial)	245
CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN (autonómica)	245
CAMPIONATO GALEGO PREBENXAMÍN (provincial)	245

#### **WATERPOLO**

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
2ª DIVISIÓN (nacional)	6.945
3ª DIVISIÓN (nacional)	2.085
1ª DIVISIÓN GALEGA ABSOLUTA (autonómica)	1.390
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
2ª DIVISIÓN (nacional)	7.260
LIGA GALEGA ABSOLUTA (autonómica)	1.455
CATEGORÍAS DEPORTIVAS MIXTAS	Euros
CATEGORÍAS INFERIORES (autonómicas)	245

#### **OUTRAS MODALIDADES**

No que respecta ás modalidades non consideradas anteriormente e vinculadas principalmente con deportes individuais, seralles de aplicación o seguinte baremo por número de licenzas e ámbito de competición que estean certificadas pola Federación deportiva, autonómica ou nacional, correspondente. O límite do importe máximo a considerar por entidade como consecuencia da aplicación deste baremo será de 3.000 €.

##### **1. Para todas as entidades:**

Establécese unha aportación fixa por licenza segundo o seguinte criterio:

a./ Licenza de ámbito autonómico:

15 €/licenza categoría masculina  
16 €/licenza categoría feminina

b./ Licenza ámbito nacional:

20 €/licenza categoría masculina  
21 €/licenza categoría feminina

Observación: naquelas modalidades nas que non existe diferenza no ámbito da licenza, podendo competir indistintamente en categoría nacional ou autonómica sen que exista un custo a maiores na súa tramitación, será de aplicación o baremo establecido para as de carácter autonómico.

##### **2. Para as entidades que certifiquen a súa participación en ciclismo en ruta.**

A maiores do establecido no punto anterior, considerando a obrigatoriedade que existe de dispoñer de vehículos de acompañamento para poder competir na modalidade de ciclismo en ruta e os gastos derivados desta obriga, sumarase unha aportación fixa de 300 euros por entidade que certifique a súa participación neste tipo de probas e que acrediten ter vehículos en propiedade mediante a presentación dunha declaración responsable acompañada dos pagos do imposto municipal de circulación.

Observación:

As categorías e/ou modalidades que non estean recollidas no presente baremo poderán ser obxecto de estudo pola Comisión Avaliadora en base a criterios obxectivos e debidamente xustificadas.